

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

- 3424** *Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo VI do título I as ensinanzas artísticas, que teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Entre estas ensinanzas atópanse as ensinanzas profesionais de música e de danza, en cuxo desenvolvemento as administracións educativas establecen uns currículos que supoñen unha considerable cantidade de horas de presenza no centro, así como uns altos niveis de exigencia que requiren unha intensa dedicación ao estudo para seren alcanzados.

Por outra parte, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato inclúen nos seus currículos diversas materias, cuxos obxectivos, sen seren idénticos, coinciden en parte cos establecidos para diferentes materias das ensinanzas profesionais de música e de danza. Tendo en conta estas coincidencias e o esforzo que supoñen estas ensinanzas profesionais, cómpre establecer algunhas validacións entre elas e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Así mesmo, o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, establece no seu artigo 9 as medidas para promover a formación e educación, e facilitar o acceso ás diferentes ofertas formativas do sistema educativo para estes deportistas, considerando que os efectos da condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento sexa a posible exención da materia de educación física na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato, logo de solicitude do interesado, para aqueles deportistas que acrediten a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento. Do mesmo modo, hai que considerar esta posible exención para o alumnado que cursa ensinanzas profesionais de danza, xa que dedica unha parte importante da súa xornada ao exercicio físico e debe manter un estado corporal adecuado para tal actividade.

En cumprimento desta normativa, o alumnado que acredite ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento, ou que curse as ensinanzas profesionais de música ou de danza poderase beneficiar, se así o considera conveniente, de exencións ou validacións cando curse a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Todo isto é coherente co previsto no artigo 47 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no artigo 20 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; no artigo 20 do Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; na disposición adicional cuarta do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, na disposición adicional sétima do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas e no artigo 9 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

En virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para a ordenación xeral do sistema educativo e para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais, procede regular, como complemento ao establecido nos reais decretos citados no parágrafo anterior, as condicións

para autorizar validacións entre determinadas materias de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato e diversas materias das ensinanzas profesionais de música e de danza, así como as posibles exencións da materia de educación física de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato para os deportistas de alto nivel ou alto rendemento e para os estudantes das ensinanzas profesionais de danza.

O disposto neste real decreto deberase completar cun conxunto de medidas complementarias de coordinación respecto á organización de grupos e de horarios, nos centros de educación secundaria que as administracións educativas determinen, en que ten prioridade para ser admitido o alumnado que curse asemade ensinanzas profesionais de música, de danza ou que siga programas deportivos de alto rendemento e ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, de acordo co previsto no punto 3 do artigo 85 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación, e emitiron informe o Ministerio de Administracións Públicas e o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2009,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto establece as validacións oportunas entre determinadas materias de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato e diversas materias das ensinanzas profesionais de música e de danza. Así mesmo, establece as posibles exencións da materia de educación física de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato para os deportistas de alto nivel ou alto rendemento e para os estudantes das ensinanzas profesionais de danza.

2. O establecido neste real decreto será de aplicación para o alumnado dos centros públicos ou privados que reúna algunha das dúas condicións seguintes:

a) Que curse ou cursase en todo ou parte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato, e curse ou cursase as ensinanzas profesionais de música ou de danza.

b) Que curse as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato, e acredite a súa condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento ou de alumno de ensinanzas profesionais de danza.

##### Artigo 2. *Validación da materia de música da educación secundaria obrigatoria con determinadas materias das ensinanzas profesionais de música ou de danza.*

Establécense as validacións da materia de música da educación secundaria obrigatoria coas materias das ensinanzas profesionais de música ou de danza que se especifican no anexo I.

##### Artigo 3. *Validacións entre diversas materias do bacharelato e determinadas materias das ensinanzas profesionais de música ou de danza.*

1. Establécense as validacións de diversas materias do bacharelato coas materias das ensinanzas profesionais de música que se especifican no anexo II.

2. Establécense as validacións de diversas materias do bacharelato con diferentes materias das ensinanzas profesionais de danza que se especifican no anexo III.

3. Establécense as validacións de diversas materias das ensinanzas profesionais de música coas materias do bacharelato que se especifican no anexo IV.

4. Establécense as validacións de diversas materias das ensinanzas profesionais de danza coas materias do bacharelato que se especifican no anexo V.

5. As materias das ensinanzas profesionais de música e de danza corresponden tanto ás establecidas nos reais decretos de aspectos básicos destas ensinanzas como ás materias que as administracións educativas poidan establecer nos seus respectivos currículos. As administracións educativas regularán, no ámbito da súa competencia, as concrecións das validacións de carácter xeral establecidas nos anexos II, III, IV e V. O criterio que rexerá para o establecemento destas validacións entre as materias de bacharelato e as materias de contido análogo das ensinanzas profesionais será a existencia dunha coincidencia en obxectivos e contidos non inferior ao 75% no cómputo total do curso considerado e os cursos previos.

6. As materias obxecto de validación non serán tomadas en conta no cálculo da nota media.

**Artigo 4. *Exención da materia de educación física da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.***

1. Poderán solicitar a exención da materia de educación física da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato aqueles que cursen estes estudos e, simultaneamente, acrediten ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento ou realizar estudos das ensinanzas profesionais de danza.

2. O alumnado exento da materia de educación física non será avaliado desta materia.

3. A materia de educación física non será computada para o cálculo da nota media do bacharelato, no caso do alumnado ao cal se lle recoñece a exención nesta materia.

**Artigo 5. *Procedemento das validacións ou exencións.***

1. As administracións educativas establecerán os procedementos de validación e exención, que se iniciarán no caso de que o alumnado ou os seus pais ou titores legais, se é menor de idade, así o soliciten.

2. Para xustificar as validacións, deberase presentar un certificado académico que acredite a superación das materias necesarias. O alumnado que curse asemade os cursos correspondentes para a validación poderá presentar o certificado académico que acredite a superación das materias ata a data en que se leve a cabo a avaliación final extraordinaria, se a houber; noutro caso, a materia figurará como pendente.

3. Para xustificar a exención deberase presentar, xunto coa solicitude, o documento que acredite estar matriculado nun centro cursando estudos das ensinanzas profesionais de danza ou ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento. Para a anotación definitiva da exención en todos os documentos de avaliación, deberase presentar un certificado de ter mantido a matrícula ou a condición ata a data da avaliación final ordinaria.

4. Nos documentos de avaliación correspondentes a cada ensinanza utilizarase o termo «Validada», ou o correspondente da lingua cooficial, se a houber, e o código «CV» en todos os casos, no recadro referido á cualificación das materias obxecto de validación.

5. Nos documentos de avaliación correspondentes á educación secundaria obrigatoria e ao bacharelato utilizarase o termo «Exento/a», ou o correspondente da lingua cooficial, se a houber, e o código «EX» en todos os casos, no recadro referido á cualificación da materia de educación física cando se conceda a exención.

**Disposición adicional primeira. *Validación única.***

Cada materia só poderá ser utilizada para unha única validación das establecidas neste real decreto ou das que se puidesen establecer por parte das administracións educativas.

Disposición adicional segunda. *Outras validacións.*

En virtude do disposto no artigo 20.4 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 20.4 do Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as administracións educativas poderán establecer validacións cando estas afecten as materias optativas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, tendo en conta as validacións establecidas neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde do 2 de xaneiro de 2001 pola que se establecen validacións entre as ensinanzas de réxime especial de música e de danza e determinadas áreas de educación secundaria obrigatoria.

2. Quedan derogadas as demais disposicións do mesmo ou de inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30ª da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o ministro de Educación, Política Social e Deporte para, no ámbito das súas competencias, ditar cantas disposicións resulten necesarias para desenvolver este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación,  
Política Social e Deporte,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

## ANEXO I

### Validación da materia de música da educación secundaria obrigatoria con determinadas materias das ensinanzas profesionais de música e de danza

Materia e curso da ESO	Ensinanzas profesionais	Materia con que se valida
Música de 1.º a 3.º	Música.	1.º curso da materia de instrumento principal ou voz.
Música de 4.º	Música.	2.º curso da materia de instrumento principal ou voz.
Música de 1.º a 3.º	Danza.	1.º curso de música.
Música de 4.º	Danza	2.º curso de música.

## ANEXO II

## Validación de diversas materias de bacharelato con determinadas materias das ensinanzas profesionais de música

Materia de bacharelato que se valida	Materia con que se valida
Análise musical I. Análise musical II.	2.º curso de harmonía. 1.º curso de análise ou 1.º curso de fundamentos de composición ou 1.º curso dunha materia de contido análogo.
Anatomía aplicada. Artes escénicas. Cultura audiovisual. Historia da música e da danza.	1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos de historia da música ou dunha materia de contido análogo.
Historia da arte. Linguaxe e práctica musical. Literatura universal.	1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 3.º curso de instrumento principal ou voz. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.

## ANEXO III

## Validación de diversas materias de bacharelato con determinadas materias das ensinanzas profesionais de danza

Materia de bacharelato que se valida	Materia con que se valida
Anatomía aplicada. Artes escénicas. Cultura audiovisual. Historia da música e da danza.	1.º e 2.º cursos de anatomía aplicada á danza ou dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos de historia da danza ou dunha materia de contido análogo.
Historia da arte. Linguaxe e práctica musical. Literatura universal.	1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 3.º curso de música. 1º e 2º cursos dunha materia de contido análogo.

## ANEXO IV

## Validación de diversas materias das ensinanzas profesionais de música con determinadas materias de bacharelato

Materia das ensinanzas profesionais de música que se valida	Materia de bacharelato con que se valida
1.º curso de análise ou 1.º curso de fundamentos de composición ou 1.º curso dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo. 1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Análise musical II. Anatomía aplicada. Artes escénicas. Cultura audiovisual.

Materia das ensinanzas profesionais de música que se valida	Materia de bacharelato con que se valida
1.º e 2.º cursos de historia da música ou unha materia de contido análogo.	Historia da música e da danza.
1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Historia da arte.
1.º curso de linguaxe musical.	Linguaxe e práctica musical.
1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Literatura universal.

**ANEXO V****Validación de diversas materias das ensinanzas profesionais de danza con determinadas materias de bacharelato**

Materia das ensinanzas profesionais de danza que se valida	Materia de bacharelato con que se valida
1.º e 2.º cursos de anatomía aplicada á danza ou dunha materia de contido análogo.	Anatomía aplicada.
1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Artes escénicas.
1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Cultura audiovisual.
1.º e 2.º cursos de historia da danza ou dunha materia de contido análogo.	Historia da música e da danza.
1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Historia da arte.
1.º, 2.º e 3.º cursos de música.	Linguaxe e práctica musical.
1.º e 2.º cursos dunha materia de contido análogo.	Literatura universal.